



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, PESCA  
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural

# PDR 2014\_2020 DE GALICIA

## PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

### Medida 1

Accións de transferencia de coñecementos e información

### Submedida 1.3

**Apoio ao intercambio de curta duración da  
xestión agrícola e forestal e ás visitas  
agrícolas e forestais**



## Índice

|                |                                                                                                                               |   |
|----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| <u>1.</u>      | <u>Medida 1. Accións de transferencia de coñecementos e información</u>                                                       | 2 |
| <u>1.1.</u>    | <u>Submedida 1.3 Apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais</u> | 2 |
| <u>1.1.1.</u>  | <u>Que tipo de actuacións se financian?</u>                                                                                   | 2 |
| <u>1.1.2.</u>  | <u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>                                                                                        | 3 |
| <u>1.1.3.</u>  | <u>Como se outorga a axuda?</u>                                                                                               | 3 |
| <u>1.1.4.</u>  | <u>Que tipo de gastos se financian?</u>                                                                                       | 3 |
| <u>1.1.5.</u>  | <u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>                                                                 | 3 |
| <u>1.1.6.</u>  | <u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>                                                                       | 4 |
| <u>1.1.7.</u>  | <u>A canto ascende esta axuda?</u>                                                                                            | 5 |
| <u>1.1.8.</u>  | <u>Quen xestiona esta axuda?</u>                                                                                              | 6 |
| <u>1.1.9.</u>  | <u>Marco normativo</u>                                                                                                        | 6 |
| <u>1.1.10.</u> | <u>Documentos e ligazóns relacionados</u>                                                                                     | 7 |

## 1. Medida 1. Accións de transferencia de coñecementos e información

O obxectivo desta medida é fomentar a competitividade do sector agroalimentario e forestal galego a través da incorporación de prácticas innovadoras e o desenvolvemento de iniciativas de I+D. Para iso, considérase prioritario consolidar un sistema permanente de transferencia de coñecementos baseado no fomento da formación profesional en materia agropecuaria e forestal, con especial orientación a agricultores mozos e silvicultores.

Esta axuda comprende actividades de formación profesional continua e adquisición de competencias, ademais de actividades de demostración e información. Para iso, prográmanse tres submedidas:

- ✓ Submedida 1.1 Apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias
- ✓ Submedida 1.2 Apoio ás actividades de demostración e as accións de información
- ✓ Submedida 1.3 Apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais

### 1.1. Submedida 1.3 Apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais

O obxectivo desta medida é apoiar a transmisión de coñecementos e boas prácticas relacionados coa xestión das explotacións. A axuda en virtude desta medida poderá concederse para intercambios de breve duración referentes á xestión das explotacións agrícolas e silvícolas, así como visitas a explotacións agrícolas e silvícolas, orientadas a persoas en idade laboral, en activo ou con expectativa de incorporación en sectores produtivos relacionados coa agricultura e a silvicultura.

#### 1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Foméntanse dous tipos de actuacións:

- ✓ Os intercambios de xestión agrícola e forestal a curto prazo: esquema de intercambio que permita aos agricultores, gandeiros e silvicultores permanecer noutra explotación da UE co fin de aprender doutro agricultor, gandeiro ou silvicultor. O propósito é mellorar o intercambio de coñecementos e boas prácticas e descubrir outras formas de facer as cousas. O contido e os obxectivos do intercambio axustaranse ás indicacións establecidas. A duración do intercambio poderá ser de ata 6 meses.
- ✓ Visitas a explotacións ou instalacións: visita a unha granxa ou unha instalación co fin



de aprender acerca dun tema concreto ou unha práctica específica (por exemplo, aprender a usar unha máquina específica, a conversión á agricultura ecolóxica,...). A diferenza co programa de intercambio de granxas radica na duración da visita e no seu obxecto; as visitas ás leiras ou instalacións son máis curtas e centran a súa atención nunha cuestión temática, seguindo un enfoque de ensino-aprendizaxe (un agricultor sabe unha técnica e outro quere aprendela).

#### 1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios de esta axuda:

- ✓ A Administración Autonómica, polas actividades que organice baixo súa propia iniciativa,
- ✓ Entidades públicas ou privadas (entre elas, cooperativas ou outras entidades asociativas agrarias), que teñan entre a súa finalidades a formación e/ou información ao sector e teñan acreditada experiencia na organización de actividades de información e/ou demostración en materias relacionadas cos sectores agrícolas, gandeiros, forestais ou agroalimentarios e/ou na organización de visitas a explotacións agrícolas ou forestais ou programas de intercambio de breve duración.

#### 1.1.3. Como se outorga a axuda?

Trátase dunha subvención anual, convocada en réxime de concorrència competitiva e con importes dependentes dos custos de organización prestación dos servizos de intercambios breves e visitas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

#### 1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

No marco desta axuda serán subvencionables os gastos de organización da visita ou intercambio, incluíndo os custos de desprazamento, aloxamento, manutención e custo de substitución dos participantes, cos límites que se definan nas convocatorias de axuda. Todos os custos aboaranse á entidade beneficiaria que presta o servizo, de tal modo que, os custos imputados a participantes serán aboados previamente por ela aos interesados. As visitas ou intercambios que se integran nos cursos e/ou accións previstas nas submedidas 1.1 e 1.2 valoraranse de maneira independente e complementaria, evitando a duplicidade de pagos.

#### 1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ Só serán elixibles as actuacións organizadas e impartidas directamente pola Administración autonómica ou polas entidades prestadoras de servizos beneficiarias das axudas.





- ✓ Só serán elixibles as actuacións destinadas a persoas en idade laboral, en activo ou con expectativa de incorporación en sectores produtivos relacionados coa agricultura, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, en especial mozos e mulleres.
- ✓ No caso de intercambios de breve duración referentes á xestión das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais só serán elixibles as iniciativas cuxos destinatarios finais sexan mozos que se incorporen á actividade agraria ou silvícola, ou titulares de explotación que non cumprisen 41 anos.

Doutra banda, as entidades prestadoras de servizos han de cumprir unhas cualificacións mínimas:

- ✓ Contar coas licenzas e autorizacións administrativas correspondentes.
- ✓ Cumprir coas súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
- ✓ Ter entre os seus obxectivos estatutarios ou obxecto social a formación e o desenvolvemento do medio rural galego.
- ✓ Contar cun responsable para titorar a actividade, cun nivel de titulación universitaria de grao medio ou superior, no ámbito da actividade que desenvolva a entidade.
- ✓ Dispoñer dos recursos pedagóxicos, instalacións e medios técnicos de apoio adecuados para a correcta execución das actividades de formación e transferencia tecnolóxica.
- ✓ Dispoñer dunha póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades e da póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e do alumnado.

E o persoal docente ademais ha de cumprir uns requisitos mínimos:

- ✓ Titulación universitaria de grao superior ou medio en materias agrarias e afíns.
- ✓ O persoal docente de prácticas deberá contar coa titulación de formación profesional dos ciclos medio e superior da familia profesional agraria ou asimiladas.
- ✓ Poderán ser docentes de accións de formación práctica os titulares de explotacións agrarias, titulares forestais ou da empresa agroalimentaria e forestal que acrediten unha experiencia no sector mínima de 5 anos.

#### 1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de



selección outórganse puntos e a puntuación total obtense da suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder á axuda.

Poderanse aplicar os seguintes criterios de selección entre outros:

- ✓ Actividades ligadas a accións financiadas a través da submedida 1.1.
- ✓ Novas alternativas produtivas.
- ✓ Desenvolvemento de novos procesos e novas tecnoloxías.
- ✓ Desenvolvemento de accións en zonas de montaña, segundo o artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.
- ✓ Actividades de demostración de proxectos innovadores.
- ✓ Accións que proveñan de iniciativas de cooperación
- ✓ Actividades dirixidas a agricultores mozos (que non cumprisen 41 anos) e mulleres do medio rural.

#### 1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A intensidade máxima da axuda será do 100% dos gastos subvencionables, segundo a seguinte metodoloxía de cálculo:

- ✓ Gastos por organización
  - O método para calcular a prima será o seguinte:
    - O importe básico máximo para a prima única será de 1.000 € por organización da actividade
    - Para as actividades de visitas contarase cun número mínimo de 10 participantes e un máximo de 30
    - No caso dos intercambios non se establece número mínimo de participantes
- ✓ Gastos de aloxamento, manutención e desprazamento
  - Aloxamento: Será dun importe máximo de 120 € por pernoita
  - Manutención: Será dun máximo de 60 € por dieta completa ou de 30 € por media dieta, segundo proceda
  - Desprazamentos:
    - Quilometraxe: máximo de 0,30 € por quilómetro
    - Peaxes: o 100% dos tickets presentados
    - Taxis: o 100% dos tickets presentados
    - Autobús: o 100% dos tickets presentados



- Metro: o 100% dos tickets presentados
- Avión: o 100% dos tickets presentados

No caso dos intercambios, debido á variabilidade de prezos segundo a época do ano e lugar de destino, non se fixa un máximo para os gastos de desprazamentos que serán financiados ao 100 %, sempre e cando sexan debidamente xustificadas. Deberá ser xustificada a elección do medio de transporte tendo en conta os prezos de mercado máis vantaxosos.

Establecese unha orde de prioridade de uso dos distintos medios de transporte:

1. Transportes colectivos con tarifas públicas
2. Transportes colectivos sen tarifas públicas. Neste caso deberase asegurar a moderación de gasto escollendo o prezo de mercado máis vantaxoso (deberase presentar como mínimo tres presupostos)
3. Transporte particular.

O uso dun medio de transporte comprendido no tipo 2 implica a xustificación de non dispoñibilidade dun transporte do tipo 1, ou a presentación dun presuposto máis vantaxoso. Así mesmo, o uso dun transporte de tipo 3 implicará a xustificación da non dispoñibilidade dun transporte dos tipos 1 e 2, ou a presentación dun presuposto máis vantaxoso. De non ser xustificadas nestes termos os gastos de desprazamentos non se considerarán elixibles.

#### 1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural.

#### 1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)





- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Regulamento de Execución (UE) N° 808/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Orde de 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición e rexistro das entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

#### 1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Investigación e Formación (Consellería do Medio Rural)
- ✓ [http://mediorural.xunta.gal/es/areas/investigacion\\_y\\_formacion/presentacion](http://mediorural.xunta.gal/es/areas/investigacion_y_formacion/presentacion)
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.1.3.3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

